

## ¿Por que *titor*?

Gústenos ou non, todos levamos o nome con que fomos rexistrados nos primeiros días da nosa existencia. Pero cando agora tratan de “bati-zarnos” cun novo nome administrativo, temos dereito a rebelarnos en contra del. E neste caso, non porque o nome non se axuste a unha realidade, senón por non axustarse ás normas e regras filolóxicas, resultando desta forma un “fantasma lingüístico”.

Cóntanos Catulo que, despois de que o pseudoerudito Arrio, que dicía “hinsidias” e “hagrado” con aspiración do *h*-, fose enviado á Asia Menor para librárense os ouvidos dos romanos de escoitar tales pedantaría, de repente chegoulle a noticia de que o mar daquelas terras, o Ionio, chamábase Hionio, desde que Arrio chegara aló<sup>1</sup>. Pois ben, sen saber por qué, os profesores da nosa Universidade de Santiago topámonos, ao comezo deste curso 1986-87, con que en razón dunha das nosas funcións administrativas, chamabámonos *Titores*, e como consecuencia diso tiñamos que facer 3 ou 6 horas de *Titorías*. Entón eu pregunteime o porqué.

Non podemos achar testemuños en latín, onde a única forma rexistrada na época clásica é *tutor*, ben como verbo, ben como substantivo, e en relación co mesmo termo encontramos tamén o feminino *tutrix* e *tutoria*, e os derivados *tutela*, *tutador* etc. Se se nos argúe unha posíbel derivación vulgar a través do latín *tuitor*, teríamos que rexeitalo abertamente porque:

1) A elisión da vocal *u*, átona, en hiato dáse en contados e específicos casos, como *battuere* > \**battere* (esp. *batir*, port. *bater*, fr. *battre*, it. *battere*, rum. *bate*) ou *consuere* > \**consere* (esp. *coser*, port. *coser*, prov. *cozer*, it. *cucire*, rum. *coase*), en que se trata de verbos, nos caes pode non ser allea unha evolución analóxica a partir do presente coas vocais *-uo* en contacto<sup>2</sup>.

2) Aínda que se puidese dar tal evolución *tuitor* > \**titor*, ¿onde vai a posterior sonorización romance do *-t-* intervocálico? Deberíamos toparnos con \**tidor*, non *titor*, e o mesmo ocorrería nas demais linguas romances.

<sup>1</sup> CATUL. 84.

<sup>2</sup> V. Väänänen, *Introducción al latín vulgar*, Madrid 1968, 86-87, e T. Henrique Maurer, *Gramática do Latim Vulgar*, Río de Janeiro 1959, 19.

Pero eu atreveríame a dicir que tal forma non existiu nunca, e aínda que existise, xamais foi de uso vulgar, dado que só un texto xurídico de Xulio Paulo (séc. II-III p.C.) pode ofrecernos un testemuño, e aínda neste caso faise necesario aclarar o contexto, xa que a expresión do autor fai patente que a forma é *tutor* e que podería dicirse *tutor* se pensásemos nunha forma derivada do verbo *tueor*: “Appellantur tutores, quasi tutores atque defensores, sicuti aeditui qui aedes tuentur”<sup>3</sup>.

E se do masculino pasamos á forma feminina, as probas son irrefutábeis. Confirmamos a existencia, inclusive en inscricións vulgares, de *tutrix* e *tutoria* (*tutor* + -ius/ia), nunca xamais *tuitoria* ou *titoria*, ou *titrix*. En troca si é latina a formación abstracta *tuitio* (*tueor* + -tio) que pervive en moitos documentos medievais<sup>4</sup>.

Non podemos achar máis testemuños en toda a lingua latina, incluída a tardía e a medieval, porque aínda que alguén quixese aportar o exemplo de Paulo Diácono, escritor do século VIII, na súa continuación do *Epitome* de Festo, diríalle que é sumamente dubidoso na súa lectura<sup>5</sup>.

Loxicamente, dado que se trata dun termo fundamentalmente da lingua xurídica, deberíamos encontralo nalgún texto de orixe hispana, coma as *Leges Visigothorum* ou os *Cartularios*, aínda que só fose como deslíz vulgar hispano, xa que no francés ou no italiano non se rexistra outra forma que *tuteur*, *tutrice* e *tutore*, *tutrice*, respectivamente. Pero desilusión tras desilusión, tampouco con estes textos podemos defender *tutor* ou *titor*. Máis aínda, as *Leges Visigothorum* (lib. 4, tit. 3, c. 3) reafirmáronos no uso de *tutor*, e os *Cartularios* hispanos do século X insisten na utilización de *tutor*<sup>6</sup>.

E se do latín pasamos aos testemuños romances, temos que concluír que a forma *tutor* aparece como correcta filoloxicamente e propia dos tex-

<sup>3</sup> PAUL. *dig.* 16,1,1.

<sup>4</sup> ULP. *dig.* 7,4,1; 27,6,1,5. CAP. *iur.* 10. Para época medieval cfr. Du Cange, *Glossarium mediae et infimae latinitatis*, Paris 1937-38 (reimp.) s.v. e J.F. Niermeyer, *Mediae Latinitatis Lexicon Minus*, Leiden 1976, s.v., con referencias a partir do século VIII, e testemuños de Gregorio de Tours, das *Leges Visigothorum*, etc.

<sup>5</sup> “Aedituus sacrae aedis *tutor*, id est curam agens” W.M. Lindsay, *Sexti Pompei Festi “De verborum significatione” quae supersunt cum Pauli “Epitome”*, Leipzig 1913, p.12, s.v. *Aedituus*. En primeiro lugar teño que dicir que *tutor* é lectura de catro manuscritos, e *tutor* de cinco igualmente representativos. En segundo lugar, basta unha ollada ao texto de Xulio Paulo, xa citado, para darse conta do seu parentesco literario.

<sup>6</sup> Recollo dous documentos, un do ano 925, lido por Udina, *Archivo de Barcelona*, n. 82, p. 220 e outro do 994 recollido por J. Rius, *Cartulario de S. Cugat I*, n. 300, p. 252.

tos literarios. Así podemos ler na versión galega da *General Estoria*: “E fõro cõmo tutores et curatores, esto he, defensores e gardadores”<sup>7</sup>. Mesmo textos documentais de procedencia portuguesa testemuñan *tutor*, como un do ano 1277 recollido en Portel<sup>8</sup> “tutores e secutores”; e *tutoria* aparece en documentos galegos do 1400<sup>9</sup>.

É verdade que ao lado desta forma culta aparecen outras vulgares, que nin sequera son coincidentes, porque unhas veces presentan a forma *tetor*<sup>10</sup> e outras *titor*<sup>11</sup>, e en calquera caso hai xa moitos anos que os propios filólogos portugueses a rexeitaron como vulgar. A. de Morais Silva<sup>12</sup> define o termo como “antigo e popular”, remitindo a *tutor*, e o insigne filólogo latinista F. Rebelo Gonçalves xa o recolleu no seu *Vocabulario*<sup>13</sup> tamén como “antigo e popular”.

Aínda podíamos, se quixesemos, traer en apoio dos nosos textos literarios a toponimia, pola abundancia de termos con forma *Tutela* e non *Titela* ou *Tuitela*<sup>14</sup>.

En conclusión, penso que se pode dicir que hai que rexeitar a forma *Titor* e *Titoria* como pseudoerudita, a non ser que pretendamos revivir a Arrio, pero en sentido inverso, quer dicir, utilizando unha forma vulgar e po-

<sup>7</sup> R. Martínez-López, *General Estoria. Versión Gallega del s. XIV*, Oviedo 1963, p. 120, 26. Quero recordar que en castelán xa o achamos na Celestina e seguramente é xa anterior.

<sup>8</sup> “tutores e secutores” *Livro dos bens de D. João de Portel* publicado por P.A. de Azevedo, separata do *Arquivo Histórico Português* 1906-1910, p. 135.

<sup>9</sup> “ha dita tutoria da dita sua may” *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, Santiago de Compostela 1901, I, 176.

<sup>10</sup> Así lemos nun documento foral de Beja do séc. XIII: “devem facer viir os tetores por dante sy...”, *Inéditos da Historia Portuguesa* V, 526.

<sup>11</sup> “sua avoae sua titora” di un documento do século XIII, lido por X. Ferro Couso, *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XIV*, Vigo 1967, I, p. 75, 24. Outras variantes vulgares foron cotexadas por R. Lorenzo, *Sobre cronología do vocabulario Galego-Portugués (Anotações ao “Dicionario etimológico” de José Pedro Machado)*, Vigo 1968, 367 s. v. *Tutor, Tutoria*, quen con bo criterio científico non dá ningunha entrada ao lema *titor*. Está claro que os dous casos non son máis que disimilacións vulgares semellantes ás que topamos en precurar/procurar, delor/dolor, metor/motor etc. que non se nos ocorre introducir na lingua culta. Cfr. E. de Bustos Tovar, *Estudios sobre asimilación y disimilación en el ibero-románico*, Madrid 1960.

<sup>12</sup> *Novo Dicionario compacto da Lingua Portuguesa*, s.l. 1980, s.v.

<sup>13</sup> *Vocabulario da Lingua Portuguesa*, Coimbra 1966, s.v.

<sup>14</sup> Cfr. a propósito deste topónimo J.L. Pensado Tomé, *Fr. Martín Sarmiento. Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio, Salamanca 1966, 381-382.

pular para un contexto sumamente técnico e propio da lingua xurídica, como é o caso dun Profesor Tutor.

JOSE EDUARDO LOPEZ PEREIRA

Universidade de Santiago